

## ICAROLab

*Coordinador/a:* ***Francisco Javier Díaz Otero***

*Participantes:* ***Íñigo Cuíñas Gómez***  
***Manuel García Sánchez***  
***Carlos Mosquera Nartallo***  
***Fernando Pérez Fontán***

### Liñas de actuacións

---

ICAROLab é unha combinación de metodoloxías adaptadas ás demandas actuais do mercado no sector aeroespacial e, en concreto, nas tecnoloxías relacionadas co sector dos vehículos aéreos non tripulados (UAV), as TIC, a navegación e as comunicacións vía satélite, a observación da Terra, e aquelas relacionadas, que van experimentar un gran incremento nos vindeiros anos en Galicia.

ICAROLab tenta formar aos futuros traballadores/as para que poidan enfocar os problemas cunha actitude centrada nas demandas das empresas, buscando solucións sustentables, tuteladas e garantindo a súa factibilidade tecnolóxica. Isto acadarase a través da formación en ferramentas e coñecementos específicos do sector empresarial, a través da difusión de metodoloxías e instrumentos de traballo en grupo orientados a satisfacer as demandas de proxectos formulados por empresas do sector aeroespacial.

### Obxectivos

---

Buscará a mellora do coñecemento especializado nas tecnoloxías vinculadas ás TIC aplicadas ao sector aeroespacial.

Os obxectivos do grupos son:

- Fortalecer os programas e formación do estudantado de enxeñaría en materias específicas orientadas aos UAV e ás tecnoloxías aeroespaciais, para satisfacer as necesidades de persoas actuais e proxectadas da industria.
- Fomentar a introdución de materias específicas demandadas neses ámbitos pola industria na práctica docente da Universidade de Vigo, a partir dos resultados do punto anterior e da experiencia das persoas integrantes do grupo, nas relacións co sector empresarial e as administracións públicas.

- Promover a creación de equipos multidisciplinares de estudantes para o desenvolvemento de ideas de deseño de produtos, investigación, desenvolvemento de propostas por empresas do sector aeroespacial.
- Crear e dotar un espazo físico orientado a facilitar o traballo en equipo aplicando técnicas e instrumentos para a consecución dos obxectivos descritos anteriormente. Conseguir financiamento para iso de fontes externas.
- Difusión das actividades de ICAROLab entre o estudantado da Universidade de Vigo e as empresas e asociacións en Galicia.

## **Plan de traballo**

---

Nos primeiros dous anos de actividade, o grupo estará dedicado á xerar unha estrutura que permita acadar os obxectivos descritos anteriormente.

A temporalización prevista será a seguinte:

- Análise de materias orientadas ás necesidades do sector aeroespacial, tanto impartidas nos estudos de grao e mestrado en enxeñarías, como aquelas suxeridas polos/as docentes, as empresas do sector e os /as profesionais.
- Elaboración de cursos complementarios ou de especialización de tecnoloxías TIC e UAV con empresas do sector aeroespacial.
- Creación de actividades académicas orientadas a fometnar a I+D no estudantado e a creación e desenvolvemento de iniciativas que fomenten a súa inclusión no tecido produtivo.
- Captación de fondos para a creación de bolsas de mestrado, becas de doutoramento e prácticas en empresas no sector aeroespacial.
- Creación de grupos de traballo entre o alumnado para desenvolver retos en proxectos formulados por empresas do sector aeroespacial en tecnoloxías UAV.
- Preparación dun foro ou xornada para estreitar lazos educación-investigación-empresa no ámbito dos UAV.